



ENTREVISTA | **PAULA CONTE**

DIRECTORA DO PROXECTO «MULLER, MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO RURAL EN GALICIA»

«Axudámoslle ás mulleres a crear empresas no rural»

Lalín acollerá o 14 de novembro unha xornada na que varias empresarias falarán das súas experiencias

Amelia Ferreiroa

LALÍN | A Federación de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur), que está integrada no Sindicato Unións Agrarias, vai asesorar -ao longo dun ano- ás emprendedoras do rural na posta en marcha de empresas que estén vinculadas ao medio ambiente. Unha acción que se realiza a través da iniciativa Ecomudes, que se enmarca no programa Empleaverde da Fundación Biodiversidad. A directora do proxecto «Muller, medio ambiente e desenvolvemento rural en Galicia» é Paula Conte.

—**¿Como xurde o proxecto?**

—É un proxecto que vai dirixido a mulleres traballadoras, tanto por conta propia como por conta allea, e xurde para fomentar as posibilidades emerxentes que se presentan. A muller do rural é emprendedora, sabe facer moitas cousas e hai que axudarlle e asesorala en todo o que precise. Con esta iniciativa imos potenciar novos empregos, ligados ao medio ambiente, que coinciden en boa maneira coas actividades que veñen desenrolando as mulleres do rural. O que facemos en definitiva é axudarlle ás mulleres a crear empresas no rural.

—**E facer un seguemento da empresa...**

—É moi importante o seguemento e o asesoramento en todo o que vaia precisando. Ofrecemos asesoramento presencial ou a distancia. Se o precisan, nós imos ás empresas, velamos polo cumprimento das leis...

—**¿Cantas empresas pensan**



Paula Conte, na presentación da iniciativa en Compostela

que se crearán?

—Pensamos que unha decena estarán creadas ao rematar a iniciativa.

—**Pese a crise financeira, é bo momento para crear unha empresa?**

—É bo momento. De feito as mulleres reciben bastantes axudas para a posta en marcha de empresas e, pese a crise, nos últimos dous anos rexistrouse un crecemento do 63% en agricultura ecolóxica por pór un exemplo.

—**Teñen previsto organizar xornadas para achegar a información ás mulleres...**

—A primeira delas será en Lalín o vindeiro 14 de novembro. Comezará ás 10.30 horas da mañán no Hotel Palacio e estará aberta a todas as mulleres traballadoras. Informare-

mos ás asistentes sobre o proxecto Ecomudes que fomenta a creación de empresas orientadas a actividades de ecoturismo, a produción agraria sostible ou as enerxías renovables. Contaremos cun grupo de mulleres emprendedoras que puxeron en marcha as súas propias empresas. Virá unha produtora de licores artesanais, unha de produción de carne ecolóxica e tamén responsables de Fademur. Engadir que, á marxe de impulsar a posta en marcha de empresas no medio rural, tamén se prevé asesorar ás titulares de explotacións agropecuarias e forestais que teñan a intención -e aposten- por mellorar todo tipo de comportamentos medioambientais dentro das súas explotacións.